

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Eduardo Blanco Amor, a Luís Seoane do 08/03/1971

Colección:

Data: 08/03/1971

De:

Eduardo Blanco Amor;

Para:

Luís Seoane;

Orixe:

Barcelona (local), Barcelona (provincial), Cataluña (de comunidade autónoma)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada con firma autógrafa, correccións manuscritas e co membrete:] Eduardo Blanco Amor.

Temáticas:

Castelao e a súa época; Os vellos non deben namorarse; Artes; Artes visuais; Asuntos particulares; El caballero de Olmedo; Literatura;

Mencionados:

Castelao; Basilio Losada; Xosé Núñez Búa; Rodolfo Prada; Ricard Salvat i Ferré; Maruxa Seoane;

Transcrición da epistola de Eduardo Blanco Amor, a Luís Seoane do 08/03/1971

Barcelona, 8 de marzo de 1971

Querido Luis:

Eiquí sigo cinchando á beira do Salvat, gran rapaz e verdadeiramente ilustre director. Os textos de ambientación histórica deixoumos todos pola miña conta, e toda a “ornamentación lírica”: festa dos maios e presencias populares. Na crónica prefacial que fai o coro, hai unha longa alusión o alzamento irmandiño, e na romería de Olmedo pasan dous jograres falando miñoto. E moi audaz de conceición e imos a vere o que deixa a censura. Onte fíxose o pirmeiro ensaio con masas e contamos empezar o 18 que vén. Istan son noticias pra ti, xa che manderei programas e reseñas.

Tamen a propósito de Salvat che escribo. Xa sabes que ten feita unha notable peza titulada Castelao e o seu tempo. Dispúñase a estrenala en Coimbra cando o

puxeron na fronteira... Agora, como director de Teatro Nacional de Barcelona, ten mais medios prá levala ó púbrico. Non ten dereitos acordados pra esta representación polos herdeiros ou albaceas de Castelao. Fala disto con Prada pra que outros mais lixeiros ou mais frescos non lle “pisen” a intención, si á mau ben pra facelo mal como se adoita nistas improvisaciós. Dentro do espektáculo Castelao-Salvat, van Os vellos non deben namorarse. Coido que é bastante unha carta. Ei vos vai o pedido tal como iste gran amigo noso mo formula.

Mandoume o Pepe Núñez uns recortes de prensa meténdose contigo e co Cuco rei. A capacidade de negación, de ingratidade e de insolencia da nosa coleitividade somella non tere fondo. É algo estoxante e indignante. Istan cousas esplican que en lugar de quedarme eí a debullar en pace os derraceiros anos da miña madurez –porque, finalmente, ese ambiente tería que sere a miña patria inteleitual, xa que ei pasei toda a miña vida– tivera que esiliarme ó revés e afrontar o aprendizaxe novo e penoso da vida cibdadana nun ambiente desaxeitado e difícil. Coido que nin saben o dano que fai sua soberbia e sua simplicidade ó xulgar os feitos dos demais. Si hai algo evidente e conmovedor, é a túa participación única no prestixio dunha coleitividade á que nada lle debes e dunha terra á que lle debes tan pouco. Si ti necesitaras conforto pra seguires adiante, abondariache con saber, como sabes, que os que podemos xulgar, incluso co noso propio door de rexeitados tamén polos “imbéciles e oscuros”, estamos ó teu carón agora coma decote.

Agarimos a Maruxa e unha grande e vella aperta pra ti.

Eduardo

Apertas do Basilio.

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.